



## TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

### Historia dos bens escultóricos III

Departamento: Historia, valoración e clasificación dos bens culturais

Obrigatoria da especialidade

Curso: 4º

1º Cuadrimestre

4 ECTS

Teórica

Profesora: Emma Pérez Teijeiro

epteijeiro@edu.xunta.gal

Horario: 3 horas semanais

Historia dos bens culturais escultóricos, dende o punto de vista das súas características tipolóxicas, formais, técnicas e culturais. Metodoloxía de análise para á interpretación do ben cultural dende un enfoque teórico-práctico. Coñecemento dos seus principais repertorios da cultura visual. Pautas para a elaboración de informes histórico-artísticos dos bens escultóricos.

### COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

### COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X19	Coñecer e aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.
X20	Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación e restauración.

### COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE ESCULTURA

EA5	Establecer un diálogo interdisciplinario con outros profesionais relacionados co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concernente ó patrimonio escultórico.
EA11	Investigar o patrimonio cultural escultórico desde o punto de vista histórico, das súas fontes documentais, da súa evolución material, funcional ou simbólica, así como a súa adecuación aos traballos de conservación-restauración de bens culturais. Coñecemento dos principais métodos e técnicas de investigación histórica aplicados á conservación-restauración de bens culturais.



### COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA

Investigar o patrimonio cultural escultórico dende o punto de vista histórico, das súas fontes documentais e gráficas, da súa evolución material, funcional ou simbólica, así como a súa adecuación ós traballos de conservación-restauración de bens culturais.

Coñecemento dos principais métodos e técnicas de investigación histórica aplicados á conservación-restauración de bens culturais.

Documentar o ben escultórico do ámbito cronolóxico estudado, valorándoo e clasificándoo de maneira axeitada.

Relacionar as obras e estilos artísticos coas fontes histórico-artísticas.

### UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidades	Subtemas.	% no total da materia
1. A escultura a finais do século XVIII e principios do século XIX	1.1. A escultura do Neoclasicismo.	20 %
2. A escultura no século XIX	2.1. Romanticismo na escultura. Principais escultores. 2.2. Realismo na escultura. Principais escultores.	30 %
3. A escultura de finais do século XIX e do século XX	3.1. A escultura: modernistas e simbolistas. 3.2. A escultura do noucentismo. 3.3. Escultura das vangardas. 3.4. A escultura de posguerra. 3.5. Escultura de finais da posguerra, anos cincuenta. 3.6. Escultura dos anos sesenta. 3.7. Os últimos anos na escultura: da obxectual á de concepto.	50 %

A porcentaxe de reparto das unidades didácticas no total da materia é aproximada e dependerá da evolución das clases e das actividades non programadas durante o curso.

### PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesión maxistral	30	0	30
Estudo autónomo	0	20	20
Traballo titorizado / Exposicións	10	20	30
Estudos de caso, debates e outras actividades	14	6	20
<b>Total</b>	<b>54</b>	<b>46</b>	<b>100</b>

### METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesións maxistrais	Coñecemento das bases teóricas da materia, sobre as que construír o traballo autónomo, utilizando as presentacións orais e outras ferramentas: presentacións vistas na aula ( <i>moodle</i> ), literatura científica e titorías didácticas.



Traballo titorizado escrito	Realización dun traballo individual sobre patrimonio escultórico de tema escollido polo alumnado coa orientación e ferramentas proporcionadas pola profesora.
Presentación/Exposición	Exposición oral por parte do alumnado do traballo titorizado.
Debates, estudos de casos e outras actividades	Charlas abertas a partir da lectura e comentario crítico de artigos científicos; exercicios de reflexión e propostas de intervención, de forma individual ou cooperativa; outras actividades, como visitas externas e traballos asociados a elas.
Proba escrita (avaliación continua)	Exame dos contidos vistos nas aulas, a realizar en datas próximas ao final do cuadrimestre.
Exame final ordinario	Exame escrito para os alumnos/as que non superasen a avaliación continua (por falta de rendemento académico, por perder o dereito á mesma ou por renunciar á mesma). A realizar na data e hora fixada de forma oficial pola ESCRBCG.
Exame final extraordinario	Exame para os alumnos/as que non superasen a avaliación continua ou o exame final ordinario. A realizar na data e hora fixada de forma oficial pola ESCRBCG.

<b>SISTEMAS DE AVALIACIÓN</b>		
<b>Método</b>	<b>Criterios</b>	<b>% avaliación</b>
<b>AVALIACIÓN CONTINUA</b>		
Proba escrita	Corrección lingüística e expresión escrita; coñecemento dos contidos; calidade das propostas; capacidade para o comentario artístico; competencias científicas; capacidades de análise e síntese.	60%
Traballo titorizado escrito	Calidade científica; corrección escrita; presentación; capacidade para a investigación; calidade e cantidade da recolleita e do traballo de campo; capacidade de análise.	10%
Presentación oral do traballo titorizado	Competencias expositivas; capacidade de síntese; desenvolvemento dos contidos e habilidades divulgativas.	10%
Outras actividades orais ou escritas	Sentido crítico e de análise, calidade nas expresións ou presentacións orais e escritas. Participación e mostras de interés pola materia.	10%
Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula.	Asistencia e participación.	10%
<b>AVALIACIÓN ORDINARIA PARA OS ALUMNOS CON PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA</b>		
Proba escrita na convocatoria oficial		100%



## AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Proba escrita na convocatoria oficial	100%
---------------------------------------	------

## ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofreceráse atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías docentes presenciais desenvolveranse no horario específico para esta finalidade.

## BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

### BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- BOZAL, V.: *Pintura y escultura españolas del siglo XX (1900-1939)*. (1992). Summa Artis, Vol. XXXVI. Espasa Calpe, Madrid.
- BOZAL, V.: *Pintura y escultura españolas del siglo XX (1939-1990)*. (1992). Summa Artis, Vol. XXXVII. Espasa Calpe, Madrid.
- GÓMEZ-MORENO, M.E.: *Pintura y escultura españolas del siglo XIX*. (1993). Summa Artis, Vol. XXXV. Espasa Calpe, Madrid.
- NAVASCUÉS, P. e QUESADA, M. J.: *El siglo XIX. Bajo el signo del romanticismo*. 1992. Sílex, Madrid.
- PÉREZ ROJAS, J. e GARCÍA CASTELLÓN, M.: *El siglo XX. Persistencias y rupturas*. 1994. Sílex, Madrid.
- VV.AA. *Arte contemporáneo. Galicia Arte*. (1993) Hércules Ediciones, A Coruña.
- VV.AA. *Arte contemporáneo I. Galicia Arte*. (1993) Hércules Ediciones, A Coruña.
- VV.AA. *Artistas Galegos Escultores*. Nova Galicia Edicións, Vigo. Colección.
- VV AA. *Historia del Arte Gallego*. (1982). Ediciones Alhambra, Madrid.

### BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

- AZCÁRATE RISTORI, J. M.; PÉREZ SÁNCHEZ, A. E. e RAMÍREZ, J. A. *Historia del arte*. (1995). Anaya, Barcelona.
- LUCIE-SMITH, E. *Artes visuales en el siglo XX*. (2000). Könemann, Colonia.
- GUASCH, A.M. *El arte último del siglo XX. Del posminimalismo a lo multicultural*. (2000). Alianza Forma, Madrid.
- GOMBRICH, E. H. *La historia del arte*. (2008). Phaidon Press Ltd.
- HONOUR, H. e FLEMING, J. *Historia mundial del arte*. (2004). Akal, Madrid.
- MARCHÁN FIZ, S. *Del arte objetual al arte de concepto. Epílogo sobre la sensibilidad «postmoderna»*. (2001). Akal, Madrid.
- RAMÍREZ, J. A. (dir.). *Historia del arte, 3. La edad moderna*. (1996). Alianza, Madrid.
- RAMÍREZ, J. A. (dir.). *Historia del arte, 4. El mundo contemporáneo*. (1996). Alianza, Madrid.

## OBSERVACIÓNS

- Userase a plataforma Moodle para completar esta guía docente, para deixar material didáctico para o alumnado, para formalizar a entrega de traballos e para outros usos relacionados coa materia. O uso desta plataforma é obrigatorio para o alumnado que curse a avaliación continua, e moi recomendable para o resto.
- A biblioteca da ESCRBCG conta con abondoso material bibliográfico específico sobre os contidos da materia.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



ESCOLA SUPERIOR  
DE CONSERVACION  
E RESTAURACION  
DE BENS CULTURAIS  
DE GALICIA

Rúa Xeneral Martitegui s/n  
36002 Pontevedra. Tlf: 886159735  
escola.conservacion.galicia@edu.xunta.es  
<http://escolaconservacion.gal>

**CURSO ACADÉMICO 2019-2020**